



BOLETÍN DECEMBRO 2022

APE GALICIA - NOVAS

- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, JOSÉ RAMÓN CALDAS, ASISTE AO ACTO DO VII PREMIO EXECUTIVAS DE GALICIA
- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, JOSÉ RAMÓN CALDAS MARTINEZ, ASISTE Á INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “ECONOMÍA SOCIAL: NO CORAZÓN DA NOSA HISTORIA”

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS, NO MARCO DO PROXECTO SMARTPEME, PRESENTA OS I PREMIOS ANUAIS DE EMPRENDEMENTO
- ✓ A XUNTA DE GALICIA LANZA AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS TURÍSTICAS
- ✓ A XUNTA DE GALICIA ORGANIZA A XORNADA RETOS ASG DE GRANDES E PEQUENAS EMPRESAS, NO MARCO DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE
- ✓ O NOVO SISTEMA DE COTIZACIÓN PARA PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA PROPIA IMPLÁNTASE A PARTIR DE XANEIRO DE 2023

APE GALICIA - NOVAS

❖ O PRESIDENTE DE APE GALICIA ASISTE AO ACTO DO VII PREMIO EXECUTIVAS DE GALICIA



O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, asistiu ao acto do VII Premio Executivas de Galicia, que se celebrou en Santiago de Compostela.

Máis polo miúdo, o galardón este ano recaeu en María del Carmen Canal López, unha empresaria pioneira, unha muller chea de forza e vitalidade.

❖ O PRESIDENTE DE APE GALICIA ASISTE Á INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “ECONOMÍA SOCIAL: NO CORAZÓN DA NOSA HISTORIA”

O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas Martínez, foi ata Santiago de Compostela, ao Parlamento de Galicia, para participar na

inauguración da exposición “Economía Social: no corazón da nosa historia”.



❖ A SEDE DE APE GALICIA ACOLLE Á CELEBRACIÓN DO PINCHO DE NAVIDAD

O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas Martínez, celebrou un pincho de navidad para celebrar as festas xunto ao alumnado e ao profesor do curso de Organización e Xestión de Almacéns.



INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS, NO MARCO DO PROXECTO SMARTPEME, PRESENTA OS I PREMIOS ANUAIS DE EMPRENDEMENTO

A Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Fundación Roberto Rivas, no marco do proxecto Smartpeme, presenta os I Premios Anuais de Emprendemento, co propósito de poñer en valor o potencial emprendedor dos proxectos empresariais nas súas fases máis temperás da provincia de Pontevedra.

Estos premios están dirixidos a persoas maiores de 18 anos, con proxectos que teñan ben, a súa sede social en Pontevedra ou, ben que desenvolva a súa actividade na provincia, dende un máximo de hai 3 anos. Doutra banda, poderán ser persoas beneficiarias aquelas que participasen nalgúns dos itinerarios anteriores que realizáronse en SmartPeme.

As dúas iniciativas premiadas serán:

- Premio á mellor iniciativa de emprendemento rural: 4.000€.
- Premio á mellor iniciativa de emprendemento por proposta de negocio e compromiso sostible e dixital: 3.500€.

As inscricións desta primeira convocatoria dos Premios Anuais de Emprendemento finalizaron o 7 de decembro. E o mércores 14 de decembro

tivo lugar a I Gala de Premios de Emprendemento (Salón de Plenos - Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra), na cal se fixo entrega destes dous premios. Ese día contouse coa presenza de Elena Ferro, unha emprendedora de referencia da provincia, que contou a súa experiencia ao longo de todo o proceso de emprendemento, ademais, un grupo musical amenizou a xornada.

As persoas interesadas en inscribirse ou facer algunha consulta puideron facelo a través de info.smartpeme@depo.es ou chamando ao 886 20 20 20.



❖ A XUNTA DE GALICIA LANZA AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS TURÍSTICAS

A Xunta vén de publicar no Diario Oficial de Galicia as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu. A concesión destas axudas tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria.

Estas bases teñen por finalidade a realización de actuacións de eficiencia enerxética que impulsen a economía circular en edificios completos cuxo uso sexa o aloxamento turístico. Están incluídas as seguintes tipoloxías: hoteis, pensións, establecementos de turismo rural, albergues turísticos e apartamentos turísticos. Doutra banda, estarían excluídos os establecementos de aloxamento turístico que ocupen parcialmente un edificio.

As axudas previstas nesta convocatoria financiaranse cun crédito total de 7.813.070 euros

A contía de cada axuda dependerá da tipoloxía de actuación, sendo o límite das axudas para cada proxecto subvencionable de 150.000 euros. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá realizar un gasto efectivo, que deberá xustificar, de polo menos 5.000 euros no proxecto.

A quen vai dirixido?

Estas axudas están dirixidas ás pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan residencia fiscal en España, e se encadren nalgún dos seguintes colectivos:

- As persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan propietarias de edificios existentes destinados a aloxamento turístico.
- As empresas explotadoras, arrendatarias ou concesionarias de edificios destinados a aloxamento turístico, que acrediten a dita condición mediante contrato vixente que lles

outorgue facultade expresa para acometer as obras de reforma.

Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables deben encadrarse nunha ou varias das seguintes tipoloxías:

- Tipoloxía 1: Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica
- Tipoloxía 2: Mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria; incluída a instalación de redes de calor e frío alimentadas por fontes de enerxía renovable e/ou calor residual para complexos turísticos de varios edificios.
- Tipoloxía 3: Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación

As actuacións subvencionables deberán realizarse en edificacións existentes e construídas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, sempre que sexan edificios completos cuxo uso sexa o aloxamento turístico. Ademais, estas actuacións deberán alcanzar as dúas seguintes condicións:

- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable do 30 % respecto á situación de partida.
- Mellora da cualificación enerxética total do edificio en, polo menos, unha letra medida na escala de emisións de dióxido de carbono (kg CO₂/m² ano). Este último criterio non será de

aplicación cando o edificio acredite ter unha cualificación enerxética A.

Para a obtención das condicións anteriores poderanse combinar as actuacións que se vaian realizar, e non é necesario o seu cumprimento por cada actuación individualmente.

* O prazo máximo para a conclusión das actuacións obxecto da axuda será o que se fixe na resolución de concesión, sen que poida superar os 12 meses contados desde a data da notificación da resolución de concesión da axuda.

Solicitude e prazo

As solicitudes ao programa presentaranse a través da sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal>) e o prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de marzo de 2023, salvo que con anterioridade se esgote o crédito orzamentario.

❖ A XUNTA DE GALICIA ORGANIZA A ORNADA RETOS ASG DE GRANDES E PEQUENAS EMPRESAS, NO MARCO DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE

O martes 13 de decembro ás 12 horas, na Confederación de Empresarios de La Coruña tivo lugar a xornada na que se presentou o Programa Responsabilízate e se abodaron os Retos ASG que afrontan grandes e pequenas empresas.

Participaron no acto Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios de

La Coruña; a directora xeral de Relacións Laborais, Elena Mancha; Daniel Domínguez, xerente en Valora e responsable do programa, e representantes de grandes empresas e pemes participantes no programa.

A primeira exposición, duns exemplos de boas prácticas, foi levada a cabo por Begoña Llamosas, responsable de cumprimento normativo e RSE de Eleko, e Fátima Carmena, directora da axencia Nasas. Ambas empresas son participantes no programa Responsabilízate. A segunda exposición, dun caso de éxito dunha gran empresa, foi exposto por María Sande, xefa de comunicación Noroeste Iberia de Coca-Cola Europacific Partners.

Esta xornada celebrouse no marco de Responsabilízate, un programa de asesoramento gratuito para apoiar ás pemes na súa necesaria adaptación ás obrigas da regulación ASG (Ambiental, Social e de Goberno Corporativo) a través do desenvolvemento da súa Responsabilidade Social Empresarial (RSE). Dirixido ao tecido empresarial galego a través das súas pequenas e medianas empresas que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou teñan un balance anual inferior a 43 millóns de euros.

Programa Responsabilízate

2022

ENCONTROS RESPONSABILÍZATE:

ESTAMOS PREPARADOS PARA O NOVO ESCENARIO? RETOS ASG DE GRANDES E PEQUENAS EMPRESAS

- BENVIDA INSTITUCIONAL:
 - D. ANTONIO FONTENLA, PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA
 - D^a. ELENA MANCHA, DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS
- ESTAMOS PREPARADOS PARA O NOVO ESCENARIO? RETOS ASG DE GRANDES E PEQUENAS EMPRESAS
 - D. DANIEL DOMÍNGUEZ, XERENTE EN VALORA E RESPONSABLE DA COORDINACIÓN DO PROGRAMA
- EXPERIENCIA DE EMPRESAS RESPONSABILÍZATE:
 - D^a. BEGOÑA LLAMOSAS, RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO NORMATIVO E RSE DE ELEKO
 - D^a. FÁTIMA CARMENA, DIRECTORA DA AXENCIA NASAS
- CASO DE ÉXITO GRAN EMPRESA:
 - D^a. MARÍA SANDE, XEFA DE COMUNICACIÓN NOROESTE IBERIA DE COCA-COLA EUROPAICIFIC PARTNERS
- DIALOGO COAS EMPRESAS E ASISTENTES
- CLAUSURA

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE NA CORUÑA

13 de decembro de 2022
12:00 - 14:00 horas

Confederación de Empresarios de La Coruña
Praza Luis Seoane, torre 1, entreplanta, 15008 A Coruña

Inscríbete aquí

❖ O NOVO SISTEMA DE COTIZACIÓN PARA PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA PROPIA IMPLÁNTASE A PARTIR DE XANEIRO DE 2023

O novo sistema de cotización para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas ponse en marcha a partir do 1 de xaneiro de 2023 e calcularase en función dos ingresos de cada persoa. Trátase dunha das reformas máis importantes vividas ata o de agora polo Réxime Xeral de Traballadores Autónomos e da que a día de hoxe aínda existe un gran descoñecemento entre distintos sectores de autónomos. O Real Decreto-Lei foi aprobado polo Congreso dos Deputados o 25 de agosto do 2022.

En concreto, establécese un sistema de cotización baseado nos rendementos reais declarados fiscalmente que se implantará de maneira progresiva durante 3 anos. Así, con esta medida preténdense aproximar as bases de cotización dos autónomos e autónomas aos seus ingresos reais e ademais mellorar a súa protección social, repercutindo na mellora das súas prestacións futuras. Neste eido, o novo sistema de cotización é necesario para reforzar o sistema público de pensións e garantir a sustentabilidade financeira.

Máis polo miúdo, este sistema contempla 15 tramos de cotización: 3 pertencentes á táboa reducida e 12 incluídos na táboa xeral. Deste xeito, establécese no ano 2023 unha cota mínima de 230 euros ao mes para autónomos con rendementos inferiores a 670 euros netos, e unha máxima de 500 euros para aqueles

traballadores autónomos con ingresos netos mensuais superiores a 6.000 euros. De cara ao 2024, a cota mínima redúcese a 230 euros mensuais e máxima chegará aos 530 euros. E xa no 2025, a cota mínima segue baixando ata os 200 e a máxima alcanzará os 590 euros.

Doutra banda, o novo sistema de cotas adaptado tamén modifica a tarifa plana de cotización, ascendendo a cota reducida ata os 80 euros mensuais, 20 euros máis que a actual. Poderán beneficiarse da tarifa plana os novos e novas autónomas durante doce meses, extensibles a outros doce meses adicionais ando os ingresos netos seguen sendo baixos. Ademais, as persoas que estean desfrutando actualmente da tarifa plana de 60 euros continuarán coa mesma ata que finalice o seu período máximo de duración.

Neste eido, a Seguridade Social vén de lanzar un simulador para que os autónomos e autónomas calculen a súa futura cota por ingresos reais. Nela, as persoas autónomas poden recibir unha orientación sobre a cota que pagarán co novo sistema de cotización por ingresos reais. A simulación é informativa, e pódese acceder a ela a través da seguinte ligazón <https://portal.seg-social.gob.es/wps/portal/importass/importass/tramites/simuladorRETAPublico>

Ademais, as persoas que non teñan claro como calcular os seus ingresos netos ou outro tipo de dúbidas relacionadas co sector autónomo, teñen a súa disposición unha guía práctica do traballo autónomo no seguinte enlace <https://portal.seg->

social.gob.es/wps/portal/importass/importass/

[Colectivos/trabajo+autonomo/guia](#)

Con esta nova medida o que se busca é rebaixar as cotas para aquelas persoas autónomas con maiores dificultades e menores ingresos e, a súa vez, mellorar a prestación por cese de actividade para todos. Neste eido, as persoas autónomas con ingresos máis baixos experimentarán unha redución da súa cota de máis do 30% con respecto á actual. Os traballadores e traballadoras autónomas con rendementos por debaixo do SMI, entre os que abundan persoas mozas e mulleres pagarán cotas de entre 200 e 260 euros ao mes de cara ao ano 2025.

A continuación desglosamos en táboas o importe que corresponde a cada tramo nos vindeiros anos.

ANO 2023	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
Táboa reducida	Tramo 1	<=670	751,63	230
	Tramo 2	>670 e <=900	849,67	260
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	898,69	275
	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
Táboa Xeral	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <=1.850	1.013,07	310
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.029,41	315
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.045,75	320
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.078,43	330
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.143,79	350
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.209,15	370
Táboa Xeral	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.274,51	390
	Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.372,55	420
	Tramo 12	>6.000	1.633,99	500

ANO 2024	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
Táboa reducida	Tramo 1	<=670	735,29	225
	Tramo 2	>670 e <=900	816,99	250
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	872,55	267
	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
Táboa Xeral	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <=1.850	1.045,75	320
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.062,09	325
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.078,43	330
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.111,11	340
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.176,47	360
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.241,83	380
Táboa Xeral	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.307,19	400
	Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.454,25	445
	Tramo 12	>6.000	1.732,03	530

ANO 2025	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
Táboa reducida	Tramo 1	<=670	653,59	200
	Tramo 2	>670 e <=900	784,31	220
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	849,67	260
	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
Táboa Xeral	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <=1.850	1.143,79	350
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.209,15	370
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.274,51	390
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.356,21	415
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.437,91	440
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.519,61	465
Táboa Xeral	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.601,31	490
	Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.732,03	530
	Tramo 12	>6.000	1.928,10	590

Datos clave para o novo sistema de cotización de autónomos no 2023

A revista da Seguridade Social vén de publicar as datas clave durante o 2023 para este novo sistema de cotizacións.

Así, ao longo do mes de xaneiro e ata o 28 de febreiro, as persoas autónomas poderán solicitar á Seguridade Social a base de cotización mensual que se axusta aos rendementos netos que esperan obter de promedio mensual ao longo do ano. Estes cambios de base surtirán efecto o 1 de marzo. Xunto a esta solicitude de cambio de base de cotización deberán comunicar o importe dos rendementos netos que esperan obter. Estes trámites poderán facerse a través do portal Import@ss.

O 1 de marzo ábrese o prazo para comunicar os cambios de tramo de cotización que entrarán en vigor en maio.

Posteriormente, o 1 de maio iníciase o novo prazo para comunicar posibles cambios de tramos que entrarán en vigor en xullo.

O 1 de xullo dá comezo outro prazo para comunicar cambios de base de cotización con entrada en vigor en setembro.

O 1 de setembro comeza o novo período habilitado para comunicar un cambio de base que entraría en vigor en novembro. Este sería o último cambio con efecto nas cotas a aboar en 2023.

O 31 de outubro é o último día para a comunicación de actividades e, no seu caso, participación en sociedades para autónomos que estivesen dados de alta antes do 1 de xaneiro de 2023.

Por último, o 1 de novembro ábrese o novo período para comunicar un cambio de base de cotización que xa entraría en vigor en xaneiro de 2024.

Canto ten que facturar como mínimo un autónomo?

Xa explicamos que a partir de 2023, a persoa autónoma, en función dos seus ingresos, deberá pagar unha cantidade ou outra, pero a continuación imos sinalar canto ten que facturar como mínimo. O certo é que non existe un mínimo, de feito, o novo sistema de cotizacións da Seguridade Social contempla esta opción ao ter un primeiro tramo de cotización que vai dende os 0 euros aos 670 en 2023, e no que pagarían 230 euros. Polo tanto, aínda que non existe un límite para facturar, estímase que calquera actividade que parta dun euro, xa se poderá considerar que pode emitir factura.

Iso si, antes de emitir factura a ningún cliente, en primeiro lugar hai que darse de alta como autónomo na Seguridade Social. E, en segundo lugar, darse de alta no Imposto de Actividade

Económica (IAE) de Hacienda, aínda que este segundo paso non se esixe para algúns tipos específicos de traballadores cotizantes no RETA da Seguridade Social, como son os socios de cooperativas, os socios colectivos, os socios administradores, os relixiosos, os familiares colaboradores ou os familiares de traballadores agrarios.

As persoas traballadoras autónomas expóñense a sancións se non presentan o resumo anual IVE

Doutra banda, lembrar que en canto a trámites, do 1 ao 31 de xaneiro, as persoas traballadoras por conta propia deberán presentar ante a Axencia Tributaria o modelo 390 ou resumo anual do IVE, un documento que recolle todas as declaracións trimestrais que fixo o autónomo ao longo do ano. Neste eido, destacar que aínda que se trata dun modelo informativo, polo tanto non supón o pago de ningún imposto, é obrigatorio presentalo e as persoas que o presenten fora de prazo poderían ser sancionadas con ata 200 euros. Os autónomos e autónomas poderán presentar este modelo de forma telemática na sede electrónica da Axencia Tributaria.

Neste eido, sinalar tamén que a partir do 1 de xaneiro de 2023 unicamente será posible presentar a autoliquidación do Imposto sobre o Valor Engadido por vía telemática, o modelo 303 xa non poderá presentarse en papel. Así para a súa correcta presentación será imprescindible dispoñer dun certificado dixital que permita a identificación telemática da persoa traballadora autónoma.

APE GALICIA - FORMACIÓN

❖ APE

Ape Galicia

❖ APE

APE Galicia deu





Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

